



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 5/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.**

En Ordes, a dezaseis de xuño de dous mil vinte.

No Salón de Actos da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 27 de maio de 2020, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria, de data 27 de maio de 2020, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. Iglesias Vieites, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

### **PUNTO SEGUNDO: SORTEO FORMACIÓN MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 12 DE XULLO DE 2020 (ART. 26.4 LEI ORGÁNICA 5/1985, DE 19 DE XUÑO).**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020, a celebrar o día 12 de xullo do ano en curso, convocadas mediante Decreto 72/2020, de 18 de maio (DOG nº 96, de data 19/05/2020).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**